

CAPÍTULO VI

DISPÕÑO:

Das modificacións, derogación e desenvolvemento dos estatutos

Artigo 31.

Os presentes estatutos non poderán ser derogados nin modificados a non ser pola Academia reunida para tal efecto en Xunta extraordinaria. Será necesario para a súa derogación ou modificación o voto favorable de dous tercios dos académicos.

Artigo 32.

As disposicións destes estatutos serán desenvolvidas nos oportunos regulamentos.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

4333 *REAL DECRETO 323/2000, do 3 de marzo, polo que se modifican o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, os Regulamentos técnicos de control e certificación de sementes de remolacha, plantas forraxeiras, cereais, millo, sorgo, pataca de sementeira e o Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais.* («BOE» 55, do 4-3-2000.)

Mediante este real decreto incorpóranse ó ordenamento xurídico interno a Directiva 98/95/CE, do Consello, do 14 de decembro, que modifica, respecto da consolidación do mercado interior, as variedades de plantas modificadas xeneticamente e os recursos fitoxenéticos; as Directivas do Consello 66/400/CEE, 66/401/CEE, 66/402/CEE, 66/403/CEE, 69/208/CEE, 70/458/CEE e 70/457/CEE, relativas á comercialización de sementes de remolacha, sementes de plantas forraxeiras, sementes de cereais, pataca de sementeira, sementes de plantas oleaxinosas e téxtiles, sementes de plantas hortícolas e sobre o catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas, e a Directiva 98/96/CEE, do Consello, do 14 de decembro, pola que se modifican, en particular no relativo ás inspeccións non oficiais sobre o terreo, as Directivas do Consello 66/400/CEE, 66/401/CEE, 66/402/CEE, 66/403/CEE, 69/208/CEE, 70/458/CEE e 70/457/CEE, relativas á comercialización de sementes de remolacha, sementes de plantas forraxeiras, sementes de cereais, pataca de sementeira, sementes de plantas oleaxinosas e téxtiles, sementes de plantas hortícolas e sobre o catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas.

Así mesmo, incorpóranse, a Directiva 1999/8/CE, da Comisión, do 18 de febreiro, pola que se modifica a Directiva 66/402/CEE, do Consello, relativa á comercialización das sementes de cereais e, a Directiva 1999/54/CE, da Comisión, que modifica a Directiva 66/402/CEE, do Consello, relativa á comercialización das sementes de cereais.

Na súa virtude, por proposta do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 3 de marzo de 2000,

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.*

Modifícase o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado por orde do 23 de maio de 1986, modificado por última vez por orde do 18 de xullo de 1997, nos termos seguintes:

1. No número 5 substitúese a definición de comercialización pola seguinte:

«Comercialización: a venda, a posesión con vistas á venda, a oferta de venda e toda cesión, entrega ou transmisión con fins de explotación comercial de sementes ou de plantas de viveiro a terceiros, a título oneroso ou non.

Non se considerará comercialización a entrega de sementes sen fins de explotación comercial da variedade, tal como as operacións seguintes:

- a) A entrega de sementes a organismos oficiais de experimentación e inspección.
- b) A entrega de sementes a provedores de servizos para procesamento ou envase, sempre que o provedor de servizos non adquiera dereito sobre as sementes que lle fosen entregadas.

Non se considerará comercialización a entrega de sementes en determinadas condicións a provedores de servizos para a produción dunha determinada materia prima agrícola, destinada a fins industriais, nin para a reprodución de sementes con este fin, sempre que o provedor de servizos non adquiera dereitos nin sobre as sementes que lle son entregadas nin sobre o produto da colleita. O provedor de sementes facilitaralle á autoridade de certificación una copia das correspondentes partes do contrato suscrito co provedor de servizos, e iso incluírá os requisitos e condicións realmente cumpridos pola semente que proporcionou.»

2. Substitúese o texto do número 7 polo seguinte:

«7. Só poderán producirse con fins comerciais sementes e plantas de viveiro de cultivares inscritos na correspondente lista de variedades comerciais ou nos catálogos comúns de variedades de especies de plantas agrícolas ou de plantas hortícolas da Unión Europea, de acordo coas normas específicas que se establezan para cada especie ou grupo de especies, quedando exceptuadas do cumprimento deste requisito as sementes e plantas de viveiro que se destinen exclusivamente á exportación a terceiros países.

Igualmente, só se admitirá a entrada en España, con fins comerciais, de sementes e plantas de viveiro de cultivares incluídos na lista de variedades comerciais ou nos catálogos comúns mencionados.

Poderanse eximir do indicado nos dous parágrafos anteriores as sementes e plantas de viveiro para as que, na Unión Europea, non se esixa para seren comercializadas inscrición varietal nun rexistro de variedades comerciais.

Nas especies nas que os regulamentos técnicos admitan a produción de sementes e plantas de viveiro de categoría comercial, poderán producirse e comercializarse sementes e plantas de viveiro desta categoría, sen que teñan que cumprir os requisitos indicados, no que se refire á variedade.

Os produtores poderán ser autorizados á comercialización de cantidades reducidas de sementes de variedades que se produzan ou se importen con fins científicos ou de selección.

Así mesmo, os produtores poderán ser autorizados a comercializar cantidades adecuadas de sementes destinadas a experimentación ou ensaios, de variedades para as que fose solicitada a súa inscrición no rexistro de variedades comerciais.

No caso de especies hortícolas, poderán ser autorizados provisionalmente, os obtentores ou os seus representantes, á comercialización de sementes, durante un período limitado, de variedades para as que se concedese unha autorización, de acordo co disposto no punto un do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais.

No caso de material modificado xeneticamente, só se concederá a autorización se se adoptaron tódalas medidas necesarias para evitar efectos adversos para a saúde humana ou animal ou para o ambiente. Para a realización da avaliación do risco ambiental a este respecto aplicarase o disposto, en relación coa inscrición de variedades modificadas xeneticamente, no punto oito do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá, para estas autorizacións, as condicións, requisitos e procedemento, así como as especies e cantidades ás que lles sexa de aplicación, de acordo coa normativa comunitaria.

Poderán producirse e someterse ó control oficial, sen fins comerciais, sementes de prebase de variedades que, non cumprindo os requisitos anteriores, fosen obxecto de solicitude de inscrición no rexistro de variedades comerciais.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación efectuará os trámites establecidos na CE para prohibi-la produción e a comercialización de sementes dunha variedade, xa sexa modificada xeneticamente ou non, na totalidade do Estado ou nunha parte deste, ou para determina-las condicións adecuadas de cultivo da dita variedade e, no caso recollido no parágrafo b), as condicións de utilización dos produtos que resultaren do dito cultivo:

a) Se se demostrar que o cultivo desa variedade pode resultar prexudicial, desde o punto de vista fitosanitario, para o cultivo doutras variedades ou especies, ou

b) Se existiren motivos xustificadas para considerar que a variedade supón riscos para o ambiente ou para a saúde humana ou animal.

En caso de perigo inminente de propagación de organismos nocivos, ou de perigo inminente para o ambiente ou para a saúde humana ou animal, poderase establecer esta prohibición, de acordo coa normativa comunitaria, desde a iniciación dos trámites establecidos.»

3. Ó final do parágrafo i) do número 8, a continuación de «inspeccións oficiais», engadirase:

«ou baixo supervisión oficial se é o caso.»

4. Ó número 10 engádeselle o seguinte:

«Poderanse establece-las condicións especiais nas que poden producirse e comercializarse e as restriccións cuantitativas que procedan, en relación

coa conservación “in situ” e a utilización sostible dos recursos fitoxenéticos, de sementes:

a) Relacionadas con hábitats naturais e seminaturais específicos, comprendidas as mesturas de especies. As sementes terán unha orixe coñecida aprobada polo organismo oficial responsable.

b) De ecotipos e variedades autóctonas tradicionalmente cultivados en determinadas localidades e ameazados pola erosión xenética (variedades de conservación).

c) De variedades sen valor intrínseco para a produción de cultivos comerciais pero desenvolvidas para o cultivo en condicións determinadas.»

5. Ó final do número 13 engadirase o seguinte:

«Para determinadas especies, estas inspeccións oficiais poderán ser substituídas, nos cultivos destinados á produción de semente de categoría certificada, por inspeccións realizadas baixo supervisión oficial, se se cumpren os seguintes requisitos:

Os inspectores:

a) Deberán contar coa cualificación técnica necesaria.

b) Non poderán obter beneficios particulares derivados da realización das inspeccións.

c) Deberán contar con autorización oficial do organismo oficial responsable, que se outorgará ben unha vez que os inspectores prestasen xuramento, ou ben logo de asinaren unha declaración por escrito en que se comprometan a cumprilas normas que regulen os exames oficiais.

d) Levarán a cabo as inspeccións baixo supervisión oficial de acordo coas normas aplicables ás inspeccións oficiais.

O cultivo que se vaia inspeccionar obterase de sementes que fosen sometidas a un control oficial “a posteriori” con resultados satisfactorios.

Os inspectores oficiais procederán ó control dunha parte dos cultivos. A parte controlada será do 10 por cento no caso de cultivos de especies autógamas e do 20 por cento no caso de cultivos de especies alógamas; esta parte será do 5 por cento ou do 15 por cento, respectivamente, cando se trate de especies para as cales se establecese que as súas sementes se someterán a probas de laboratorio oficiais para determina-la súa variedade e establece-la súa pureza mediante procedementos morfolóxicos, fisiolóxicos ou, cando proceda, bioquímicos.

Unha parte das mostras, tomadas oficialmente, procedentes das partidas de sementes colleitadas a partir destes cultivos someterase a un control oficial “a posteriori” e, de se-lo caso, a probas de laboratorio oficiais para determina-la súa identidade e pureza varietais. O organismo oficial responsable determinará o número de mostras que se someterá a ese control.

Nos Regulamentos técnicos establecerase o procedemento que se debe seguir para acceder a este tipo de inspeccións e as determinacións oficiais que hai que efectuar, segundo as especies ás que sexan de aplicación.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará as sancións aplicables ás infraccións das normas que regulen os exames baixo supervisión oficial. As sancións impostas deberán ser eficaces, proporcionadas e disuasorias. As penalizacións poderán abranguer, entre outras cousas, a retirada da autorización outorgada ós inspectores oficialmente autorizados que incumpran delibera-

damente ou por negligencia as normas que regulan os exames oficiais. En caso de tal infracción, anularase a certificación das sementes examinadas, salvo en caso de que poida demostrarse que estas sementes cumpren os requisitos pertinentes.

Poderanse adoptar medidas suplementarias, aplicables á realización dos exames baixo supervisión oficial de acordo coa normativa comunitaria.»

6. No número 15, primeiro parágrafo, engádese o parágrafo seguinte:

«k) Condicións para as sementes destinadas á produción ecolóxica.»

7. No número 15, o segundo parágrafo substitúese polo seguinte:

«Co fin de eliminar calquera dificultade temporal de subministración xeral de sementes de base, de sementes certificadas, de sementes comerciais ou de sementes estándar que se presenten na Comunidade, e que non poidan solucionarse doutro modo, poderá decidirse, de acordo coa normativa comunitaria, que se permita a comercialización, durante un período determinado, de sementes dunha categoría sometida a requisitos menos estritos cós esixidos na normativa, ou de sementes dunha variedade non incluída no catálogo común de variedades de especies de plantas agrícolas ou no de plantas hortícolas nin inscrita no rexistro de variedades comerciais, nas cantidades necesarias para resolver as dificultades de abastecemento.

Cando se trate dunha categoría de sementes dunha variedade determinada, a etiqueta oficial ou a etiqueta do provedor será a prevista para a categoría correspondente; a etiqueta será de cor marrón para as sementes de variedades non incluídas nos catálogos anteriormente mencionados. A etiqueta indicará sempre: "sementes sometidas a requisitos menos estritos".»

8. Despois do número 22 engádese o número 22 bis seguinte:

«22 bis. No caso de sementes ou de plantas de viveiro dunha variedade que fose modificada xeneticamente, toda etiqueta ou documento, oficial ou doutro tipo, que se adhira ó envase de sementes ou á embalaxe de plantas de viveiro, ou que o acompañe, en virtude das disposicións deste Regulamento, indicará con claridade: "Variedade modificada xeneticamente".

Así mesmo, toda persoa que comercialice algunha desas variedades indicará con claridade no seu catálogo de vendas que aquela é unha variedade modificada xeneticamente.»

9. O texto do número 25 substitúese polo seguinte:

«25. Co fin de atopar alternativas máis adecuadas a determinadas disposicións establecidas neste Regulamento, distintas das fitosanitarias, no caso de pataca de sementeira, poderase decidir a organización de experimentos temporais, en condicións especiais e a escala comunitaria, de acordo co disposto na normativa comunitaria.

No marco destes experimentos, os organismos oficiais responsables do control das sementes, poderán quedar exentos de determinadas obrigas establecidas neste Regulamento. O alcance desta exención determinarase por referencia ás disposicións ás que se aplique. A duración dun experimento non excederá de sete anos.»

10. Despois do número 42 engádese o número 42 bis seguinte:

«42 bis. As sementes que se comercialicen de conformidade coas disposicións deste Regulamento, sexan estas de cumprimento obrigatorio ou facultativo, unicamente estarán suxeitas ás restricións de comercialización establecidas por el, no que se refire ás súas características, disposicións de exame, marcado e peche.»

11. Ó número 43 engádeselle o seguinte parágrafo:

«Efectuaranse controis oficiais das sementes durante a súa comercialización, polo menos mediante comprobacións aleatorias, para verificalo cumprimento dos requisitos e condicións establecidos.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de remolacha.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de remolacha, aprobado por orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez por orde do 18 de xullo de 1997, nos termos seguintes:

1. No capítulo IX, número 1, primeiro parágrafo, antes da palabra: «certificada», engadiranse as palabras: «base ou».

2. No capítulo IX, número 1, segundo parágrafo, nas indicacións que deben figurar no boletín, eliminarase a palabra: «certificada».

3. No anexo III, número 5, substituiranse as palabras: «Semente certificada», por: «Categoría:».

Artigo terceiro. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas forraxeiras, aprobado por orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez por orde do 18 de xullo de 1997, nos termos seguintes:

1. No capítulo II, o número 4 substitúese polo texto seguinte:

«Para as sementes de "Lupinus spp.", "Pisum sativum", "Vicia spp." e "Medicago sativa", admíttanse sementes certificadas de ata segunda xeración e, para este efecto, consideraranse:

a) Sementes certificadas da primeira xeración aquelas que:

1.º Procedan directamente de sementes de base ou, a petición do obtentor, de sementes dunha xeración anterior á de sementes de base que cumpran as condicións establecidas para as sementes desta categoría.

2.º Se destinen á produción de sementes certificadas da segunda xeración ou para fins distintos da produción de sementes de forraxeiras.

3.º Cumpran as condicións establecidas para as sementes certificadas.

b) Sementes certificadas de segunda xeración aquelas que:

1.º Procedan directamente de sementes de base, de sementes certificadas da primeira xeración ou, a petición do obtentor, de sementes dunha xeración anterior á de sementes de base que cumpran as condicións establecidas para sementes desta categoría.

2.º Se destinen a fins distintos da produción de sementes de plantas forraxeiras.

3.º Cumpran as condicións establecidas para as sementes certificadas.»

2. No capítulo II, a continuación do número 4 engadirase o seguinte:

«5. Malia o disposto no número anterior, o organismo oficial responsable poderá restrinxir-la certificación de sementes de "*Lupinus spp.*", "*Pisum sativum*", "*Vicia spp.*" e "*Medicago sativa*", ás sementes certificadas da primeira xeración.»

3. No capítulo V, substitúese o primeiro parágrafo do número 3 polo texto seguinte:

«Poderán comercializarse mesturas de sementes de varios xéneros, especies ou variedades que:

1.º Non vaian destinadas a un aproveitamento como plantas forraxeiras. As mesturas poderán conter sementes de plantas forraxeiras e de plantas non forraxeiras.

2.º Vaian destinadas a un aproveitamento como plantas forraxeiras, e as mesturas poderán conter sementes de plantas forraxeiras e de plantas que estean incluídas nos Regulamentos específicos de cereais, hortícolas e oleaxinosas e téxtiles, con excepción das variedades de gramíneas que, segundo declaración do obtentor, non sexan destinadas a uso forraxeiro.

3.º Vaian destinadas á preservación do medio natural, no marco da preservación dos recursos xenéticos. As mesturas poderán conter sementes de plantas forraxeiras e de plantas non forraxeiras.

Nos casos previstos nos parágrafos 1.º e 2.º deste número, entenderase que os compoñentes das mesturas deben cumprir, antes do momento da mestura, as esixencias para seren comercializadas.»

4. No capítulo VIII, engadirase ó final o número seguinte:

«4. Os lotes de semente que cumpran as condicións establecidas no anexo I deste Regulamento, relativas á presenza de "*Avena fatua*", poderán, con independencia da etiqueta oficial e a petición do obtentor, levar un certificado oficial que dea fe do cumprimento desas condicións.»

Artigo cuarto. Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais.

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de cereais, aprobado por orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez por orde do 27 de xuño de 1995 nos seguintes termos:

1. No capítulo II, número 3.4, despois de «escandia menor», engadirase: «e triticales autógamos».

2. No capítulo II, número 3.5, despois de «escandia menor», engadirase «e variedades autógamos de triticales».

3. No capítulo II, número 3.7, despois do parágrafo c) engadirase:

«O organismo oficial responsable poderá restrinxir-la certificación de sementes de avea, cebada, arroz e trigo ás sementes certificadas de primeira reprodución.»

4. No capítulo VIII, ó final do parágrafo d), engadirase os seguintes parágrafos:

«O organismo oficial responsable admitirá que as sementes dunha especie de cereal se comercialicen en forma de mesturas determinadas de sementes de distintas variedades na medida en que estas mesturas teñan por natureza, sobre a base dos coñecementos científicos ou técnicos, o feito de seren particularmente eficaces contra a propagación de determinados organismos nocivos e sempre que os compoñentes da mestura respondan, antes da súa mestura, ás regras de comercialización que lles sexan aplicables.

Así mesmo, admitírase que se comercialicen sementes de cereais en forma de mesturas de sementes de diferentes especies sempre que os compoñentes da mestura cumpran, antes dela, as normas de comercialización que lles sexan aplicables.

As condicións especiais en que poderán comercializarse estas mesturas determinaranse segundo os procedementos que se establezan na normativa comunitaria.»

5. No anexo número 1, despois do último parágrafo da observación terceira, engadirase:

«Nos cultivos para producir sementes certificadas de híbridos de avea, cebada, arroz, trigo brando, trigo duro, escandia menor e triticales autógamos:

a) O cultivo deberá axustarse ós requisitos seguintes referentes ás distancias respecto ás fontes de pole veciñas, as cales poden dar lugar a polinizacións non desexadas: o compoñente feminino deberá situarse a unha distancia mínima de 25 metros de calquera outra variedade da mesma especie, agás dun cultivo de compoñente masculino; esta distancia poderá non respectarse se existe unha protección suficiente contra as fontes de polinización non desexadas.

b) O cultivo posuirá suficiente identidade e pureza no tocante ás características dos seus compoñentes.

Cando as sementes se produzan mediante o uso dun axente de hibridación químico, o cultivo deberá reuni-los seguintes requisitos e condicións:

1) A pureza varietal mínima de cada compoñente será de:

Avea, cebada, arroz, trigo brando, trigo duro e escandia menor: 99,7 por cento.

Triticales autógamos: 99,0 por cento.

2) A hibridación mínima deberá ser do 95 por cento. A porcentaxe de hibridación avaliarase de conformidade cos métodos internacionais vixentes, cando existan. Nos casos en que se determine a hibridación durante as análises das sementes previas á certificación, non será necesario proceder á determinación da porcentaxe de hibridación durante as inspeccións de campo.»

6. No anexo número 1, na observación sexta, engadirase:

«Sétima. O cumprimento das normas antes citadas comprobarase mediante inspeccións oficiais de campo no caso das sementes de base e, no das sementes certificadas, mediante inspeccións oficiais de campo ou inspeccións levadas a cabo baixo supervisión oficial.»

7. No anexo número 2, na columna número 1 e no caso do triticales a cifra «85» substituirase pola cifra «80».

8. No anexo número 2, nas observacións, suprímese o último parágrafo que di:

«En casos excepcionais por resolución da Dirección Xeral de Agricultura destinados exclusivamente para España.»

9. No anexo número 2, nas observacións, despois do último parágrafo, engadirase:

«Para os híbridos de avea, cebada, arroz, trigo brando, trigo duro, escandia menor e triticales autó-gamo, a pureza varietal mínima das sementes de categoría "semente certificada" deberá ser do 90 por cento. Esta pureza deberá ser examinada nas probas oficiais de poscontrol sobre unha proporción adecuada de mostras.»

Artigo quinto. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de millo, aprobado por orde do 1 de xullo de 1986 e modificado por última vez por orde do 16 do xullo de 1990 nos seguintes termos:

1. No capítulo IV, o parágrafo c), o segundo parágrafo do número 3, substituirase polo seguinte:

«Cando o cultivo estea composto por parentais femininos androestériles e parentais femininos androfértiles, non menos da terceira parte das plantas obtidas con sementeiras destas sementes han de producir pole en cantidade e fertilidade normal. As proporcións entre estes dous parentais controlaranse por medio de inspeccións de campo.»

2. No anexo número 1, nas observacións, engadirase:

«5.^a No caso dun cultivo dunha liña pura, este terá suficiente identidade e pureza no que atinxe ás súas características. Para a produción de semente de variedades híbridas, os requisitos mencionados aplicaranse ás características dos compoñentes, incluída a esterilidade masculina ou a restauración da fertilidade.»

3. No anexo número 1, nas observacións, engadirase:

«6.^a O cumprimento das normas antes citadas ou doutras normas comprobarase mediante inspeccións oficiais de campo no caso das sementes de base e, no caso de sementes certificadas, mediante inspeccións oficiais de campo ou inspeccións levadas a cabo baixo supervisión oficial.»

4. No anexo número 3, despois da observación primeira, engadirase o seguinte parágrafo:

«No caso de semente dunha liña pura, a semente terá suficiente identidade e pureza no que concirne ás súas características. No caso das sementes de variedades híbridas, as disposicións mencionadas anteriormente tamén se aplicarán ás características dos compoñentes.»

5. No anexo número 3, suprimirase a observación segunda.

Artigo sexto. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de sorgo, aprobado por orde do 1

de xullo de 1986 e modificado por última vez por orde do 16 de xullo de 1990, nos seguintes termos:

1. No número IV, despois da disposición sexta do parágrafo a), engadirase o seguinte parágrafo:

«O cultivo terá suficiente identidade e pureza varietal ou, no caso dun cultivo dunha liña pura, suficiente entidade e pureza no que concirne ás súas características.

Para a produción de semente de variedades híbridas, as disposicións antes mencionadas tamén se aplicarán ás características dos compoñentes, incluída a esterilidade masculina ou a restauración da fertilidade.»

2. No número IV, no parágrafo c), despois da última frase do título «Primeiro», engadir:

«Cando, para a produción de sementes certificadas de variedades híbridas, se utilizaron un parental feminino androestéril e un parental masculino non restaurador da fertilidade, as sementes deberán obterse por mestura de lotes de sementes, en proporcións apropiadas á variedade, producidas, por unha parte, utilizando un parental feminino androestéril e por outra parte, un parental feminino androfértil.

Cando o cultivo estea composto por parentais femininos androestériles e parentais femininos androfértiles, non menos da terceira parte das plantas obtidas con sementeiras destas sementes han de producir pole en cantidade e fertilidade normal. As proporcións entre estes dous parentais controlaranse por medio das inspeccións de campo.»

3. No anexo número 1, nas observacións, engadirase:

«Quinta. O cumprimento das normas antes citadas ou doutras normas comprobarase mediante inspeccións oficiais de campo no caso de sementes de base e, no caso de sementes certificadas, mediante inspeccións oficiais de campo ou inspeccións levadas a cabo baixo supervisión oficial.»

4. No anexo número 2, en observacións, engadirase o seguinte parágrafo:

«No caso dunha semente dunha liña pura, a semente terá suficiente identidade e pureza no que atinxe ás súas características. No caso de sementes de variedades híbridas, as disposicións mencionadas anteriormente tamén se aplicarán ás características dos compoñentes.»

Artigo sétimo. *Modificación do Regulamento técnico de control e certificación de pataca de sementeira.*

Modifícase o Regulamento técnico de control e certificación de pataca de sementeira, aprobado por orde do 24 de maio de 1989 e modificado por última vez por orde do 3 de marzo de 1998, nos termos seguintes:

1. O segundo inciso do parágrafo 5 do número 5 substitúese polo seguinte:

«Os tubérculos deberán ter un calibre mínimo tal que non poidan pasar a través dunha malla cadrada de 25 milímetros de lado. No que respecta ós tubérculos demasiado grandes para pasaren a través dunha malla cadrada de 35 milímetros de lado, os límites superiores e inferiores expresaranse en múltiplos de 5.»

2. O cuarto inciso do parágrafo 5 do número 5 substitúese polo seguinte:

«A desviación máxima de calibre dos tubérculos dun lote deberá ser tal que a diferenza de dimensións entre os lados das dúas mallas cadradas utilizadas non exceda de 25 milímetros. Para a pataca de sementeira preagromada, a desviación entre calibres non debe supera-los 10 milímetros.»

Artigo oitavo. *Modificación do Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais.*

Modifícase o Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais, aprobado por orde do 30 de novembro de 1973 e modificado por última vez por orde do 23 de marzo de 1998, nos termos seguintes:

1. Substitúese o último parágrafo do número un polo seguinte:

«No caso de especies hortícolas, o presidente do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria poderá autorizarlles, provisionalmente, ós obtentores e ós seus representantes establecidos en España, a comercialización de sementes, durante un período limitado, de variedades para as cales se presentase unha solicitude de inscrición no rexistro de variedades comerciais, ou nun catálogo nacional doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que se dispoña ou facilite a suficiente información técnica específica ó respecto.»

2. Ó número 4 engádenselle os números catro bis e catro ter seguintes:

«Catro bis. Enténdese por variedade de conservación aquela que, para a salvagarda da diversidade biolóxica e xenética, constitúe un patrimonio insubstituíble de recursos fitoxenéticos, o que fai necesaria a súa conservación "in situ" mediante o cultivo e comercialización de sementes ou de plantas de viveiro de ecotipos ou variedades autóctonas adaptadas naturalmente ás condicións locais e rexionais ameazadas pola erosión xenética.»

«Catro ter. Enténdese por variedade modificada xeneticamente ou transxénica aquela variedade obtida mediante as técnicas descritas no artigo 3 do Real decreto 951/1997, do 20 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 15/1994, do 3 de xuño, de réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, co fin de previlos riscos para a saúde humana e o ambiente.»

3. Substitúese o número oito polo seguinte:

«Oito. Toda solicitude de inscrición deberá presentarse por duplicado cubrindo os formularios que para tal efecto se faciliten e entregando o material vexetal necesario que se fixe nos distintos Regulamentos de inscrición de variedades para a realización dos estudos precisos.

As datas límites de entrega de material vexetal para cada campaña fixaranse nos correspondentes Regulamentos de inscrición de variedades.

As variedades modificadas xeneticamente só poderán ser obxecto de inscrición no rexistro de variedades comerciais cando a Comisión Europea adoptase unha decisión favorable de comercialización en relación coa modificación xenética que conteñan, se adoptasen tódalas medidas necesarias

para evitar efectos adversos para a saúde humana ou animal ou para o ambiente, e a autoridade competente que recibiu a correspondente notificación orixinal de autorización do organismo modificado xeneticamente dese a súa conformidade por escrito.

Para a inscrición de variedades modificadas xeneticamente deberá seguirse o procedemento de avaliación de riscos previsto no Regulamento publicado por Real decreto 951/1997, que desenvolve a Lei 15/1994, do 3 de xuño, de réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente.

As variedades modificadas xeneticamente inscritas na lista de variedades comerciais de que se trate deberán cumprir un plan de seguimento, previsto no correspondente Regulamento de inscrición de variedades ou que se estableza nas ordes polas que se inscriben estas variedades.

O plan de seguimento deberá incluír, polo menos, os aspectos seguintes:

a) Data de inicio e duración mínima do dito plan.

b) Establecemento dun plan de prevención para o caso de que puidese derivarse algún prexuízo para a saúde humana ou animal ou para o ambiente.

c) Prever accións alternativas para o caso de que o citado plan de prevención non produza os efectos previstos.

O citado plan de seguimento será aprobado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, oída a correspondente Comisión Nacional de Estimación de Variedades e logo do informe da Comisión Nacional de Bioseguridade.

O solicitante deberá proporcionarlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información que lle sexa requirida e, en especial, todo o referente á distribución e venda de sementes ou de plantas de viveiro destas variedades.

Na etiqueta oficial e, de se-lo caso, na do proveedor, ademais da información requirida por outras normas legais específicas, deberá figura-la inscrición seguinte: "variedade modificada xeneticamente".

Nos catálogos de vendas e nos envases ou embalaxes indicarse claramente que a variedade é un organismo modificado xeneticamente, facendo referencia ó tipo de modificación introducida.»

4. Ó final do número 17 engádesse o parágrafo seguinte:

«Poderá renovarse a admisión dunha variedade por períodos determinados se a importancia do mantemento do seu cultivo o xustificar, ou poderá manterse por razón de conservación de recursos fitoxenéticos, sempre que se sigan cumprindo as condicións referentes á distinción, homoxeneidade e estabilidade ou, de se-lo caso, os criterios específicos recollidos na disposición adicional única deste real decreto para as variedades de conservación. Nestes supostos, a demanda de prórroga dunha inscrición non estará sometida a ningún prazo.»

5. Ó número dezaioito engádeselle o número dezaioito bis seguinte:

«Dezaioito bis. Cando o material derivado dalgunha variedade vexetal se destine á súa utilización como alimento ou ingrediente alimentario dentro do ámbito regulado polo Regulamento (CE) 258/97,

do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xaneiro, sobre novos alimentos ou ingredientes alimentarios, estes alimentos ou ingredientes alimentarios non deberán:

- a) Presentar un perigo para o consumidor.
- b) Inducir a erro ó consumidor.
- c) Diferir dos alimentos ou ingredientes alimentarios ós que vaian substituír, ata o extremo de que, desde o punto de vista nutritivo, o seu consumo normal sexa nutritivamente desfavorable para o consumidor.

As sementes e plantas de viveiro de variedades modificadas xeneticamente ou os produtos derivados delas, destinados a utilizarse como alimento ou ingrediente alimentario, só poderán utilizarse para tal fin, cando estes alimentos ou ingredientes alimentarios sexan autorizados de acordo co disposto no Regulamento (CE) 258/97, ou cando as decisións de autorización as adopte o Comité Permanente de Sementes e Plantas Agrícolas, Hortícolas e Forestais da Unión Europea, seguindo as especificacións técnicas e científicas que este dictar, debendo ter en conta os criterios establecidos no parágrafo anterior, así como os principios de avaliación contidos no citado Regulamento (CE) 258/97.»

6. Ó final do número 33 engádese o parágrafo f) seguinte:

- «f) Polo que se refire á adecuación da denominación dunha variedade determinada, aplicarase o artigo 63 do Regulamento (CE) 2100/94, do Consello, do 27 de xullo, relativo á protección comunitaria das obtencións vexetais.»

Disposición adicional única. *Condicions especiais para a inscrición de variedades de conservación.*

O réxime xeral establecido para a inscrición de variedades no Regulamento xeral do rexistro de variedades comerciais seralle tamén de aplicación ó procedemento de inscrición de variedades de conservación, sen prexuízo das condicións especiais que fixe o Comité Permanente de Sementes e Plantas Agrícolas, Hortícolas e Forestais da Unión Europea.

No procedemento de inscrición oficial tomaranse en consideración características e requisitos de calidade. En particular, os resultados de probas non oficiais e os coñecementos adquiridos gracias á experiencia práctica durante o cultivo, a reprodución e a utilización e as descrições detalladas das variedades e as súas correspondentes denominacións tomaranse en consideración, tal como se lle notificasen ó Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria e, en caso de seren suficientes, darán lugar á exención do exame oficial. Unha vez admitida unha raza ou variedade autóctona, esta incorporárase á correspondente lista de variedades comerciais coa mención «variedade de conservación».

Disposición transitoria primeira. *Regulamento comunitario sobre variedades modificadas xeneticamente.*

O procedemento establecido neste real decreto, relativo á realización dos ensaios de variedades modificadas xeneticamente, establecido nos artigos 29 ó 34 do Real decreto 951/1997, do 20 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 15/1994, do 3 de xuño, de réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, co fin de previlos riscos para a saúde humana

e o ambiente, deixará de aplicarse no momento da entrada en vigor do Regulamento comunitario ó que se fai referencia na alínea 3) do artigo 6 da Directiva 98/95/CE, do Consello, do 14 de decembro.

Disposición transitoria segunda. *Normas para a concesión de autorizacións provisionais de comercialización.*

Mentres non se establezan as correspondentes disposicións comunitarias, as condicións e requisitos das autorizacións ás que se fixo referencia no número 1 do artigo 8 deste real decreto, rexeranse pola normativa actualmente establecida, mentres non se opoña ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,

JESÚS POSADA MORENO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4334 *REAL DECRETO 326/2000, do 3 de marzo, polo que se modifican os anexos do Real decreto 1691/1989, do 29 de decembro, modificado polo Real decreto 2072/1995, do 22 de decembro, incorporándose ó ordenamento xurídico español as Directivas 98/21/CE, do 8 de abril; 98/63/CE, do 3 de setembro, e 1999/46/CE, do 21 de maio, da Comisión, destinadas a facilita-la libre circulación dos médicos e o recoñecemento mutuo dos seus diplomas, certificados e outros títulos. («BOE» 55, do 4-3-2000.)*

Mediante o Real decreto 1691/1989, do 29 de decembro, incorporáronse ó ordenamento interno español as Directivas 75/362/CEE, 81/1057/CEE e 75/363/CEE. Tales directivas e as súas modificacións parciais foron refundidas mediante a Directiva 93/16/CEE, a transposición da cal deu lugar a que se dictase o Real decreto 2072/1995, do 22 de decembro, polo que se modificou parcialmente o Real decreto 1691/1989.

Con posterioridade, as institucións comunitarias foron publicando as Directivas 97/50/CE, do 6 de outubro; 98/21/CE, do 8 de abril; 98/63/CE, do 3 de setembro, e 1999/46/CE, do 21 de maio, coa finalidade de modifica-la Directiva 93/16/CEE, do Consello, do 5 de abril, destinada a facilita-la libre circulación dos médicos e o recoñecemento mutuo dos seus diplomas, certificados e outros títulos.

A Directiva 97/50/CE ten por obxecto axiliza-lo procedemento para modifica-las listas das denominacións dos títulos de médico e de médico especialista e a duración mínima das formacións previstas. Tal modificación refírese a un procedemento que atinxe á propia Comisión, polo que non resulta necesaria a súa incorporación ó ordenamento interno español.